

**ai**

**MÚSICA**

**Anna  
Rakitina  
dirixe á OSG**

**NO AUDITORIO DE FERROL**



Exemplar gratuíto

**Va de  
Bach**

**DANZA EN NARÓN**

# Alberto Pena

Lonxe de ser unha actividade de hai décadas, os cineclubs gozan de unha boa saúde. Das 22 entidades que na actualidade teñen programación en Galicia, unha delas está na nosa comarca. Trátase do Cineclub Serie B, de Narón, que preside Alberto Pena con quen falamos.

**TEXTO:** Nicolás Vidal | **FOTO:** Mario Llorca

**Aí. Coa cantidade de películas ás que se ten acceso a través de plataformas diversas, ten sentido xestionar hoxe en día un cineclub?**

**AP.** Máis que nunca. As plataformas moitas veces censuran o material de filmes ou series, como o caso do “blackface”, leis antitabaco, etc. Ademais, cando deixan de emitir unha película ou serie esta desaparece durante moito tempo. Fronte a isto un cineclub como o noso recupera o pracer de ver unha película en pantalla grande, e iso non ten comparación.

**Aí. Como naceu o Cineclub Serie B?**

**AP.** Un membro veterano da nosa asociación, Benjamín Hermida, investigou no tema dos cines locais, desde os anos 40 ata os 90. O seu traballo serviu para facer unha exposición “Os cines perdidos de Narón” en maio de 2021 e tamén un libro sobre o tema. Hai tanto material que barallamos a posibilidade, a longo prazo, de facer un museo sobre os cines. En calquera caso ao concello gustoulle toda isto e propuxo a posibilidade de

facer un cineclub, así que varios amigos aceptamos o reto.

**Aí. Cal é a programación que desenvolvedes e como funciona?**

**AP.** Cada ano facemos dous ou tres ciclos e proxectamos unha ducia de filmes. Son os mércores con entrada gratuita no Pazo da Cultura de Narón. Aínda que hai que competir co día do espectador en Odeón, ou co fútbol en televisión, logo de varios anos de actividade xa hai un público fiel que non baixa de 30 ou 40 persoas. Así ata as 200 que houbo nalgunha proxección. Nunca sabes que vai influír na asistencia.

**Aí. Que tipo de ciclos facedes?**

**AP.** Agora estamos ata o 9 de outubro cun programa de animación para adultos e a partir do 30 de outubro, e durante o mes de novembro, un de cine europeo actual con películas como “Anatomía de una caída” ou “La zona de interés”, que se proxectaron non hai tanto nos cines comerciais. Anteriormente houbo un ciclo de cineastas femininas que funcionou de marabilla, con centos de persoas, un de

longametraxes clásicas, desde “Bienvenido Mr. Marshall” a “El apartamento”, outro desmitificando o amor romántico, outro de ciencia ficción, de cinema galego, etc. Tratamos de que lle gusten á xente e desde logo que nos guste a nós.

**Aí. Que características buscades nos ciclos?**

**AP.** Pois non soemos facer especiais a directores ou actores, que o que nos importa é que fóra do xénero sexan temas que ao público lle poda tocar algo, ter unha conversación ou un debate polo contido social ou de actualidade, incluso en películas de ciencia ficción, que vaian máis alá. Logo, tratamos de variar os países, os estilos, etc.

**Aí. Que tipo de xente vén ás proxeccións?**

**AP.** Pois se houbera que sintetizar nun perfil sería o dunha muller de mediana idade. En xeral a xente nova non soe vir moito, aínda que agora con novo ciclo de animación nos estamos levando unha grata sorpresa.

**Aí. Como xestionades a adquisición das películas?**



**AP.** A través de Feciga (Federación de Cineclubes de Galicia) que nos consiguen filmes a moi bos prezos. Non conseguen todas as que nos interesan pero cos dereitos de catro ou cinco xa podemos facer un ciclo. O Concello de Narón axúdanos con todo pero tamén temos socios, os afeccionados poden facerse por 20 euros ao ano, e iso sempre axuda.

**Aí. Como é un día de proxección?**

**AP.** O cine é a nosa paixón, así que unha alegría. Antes de comezar a proxección facemos unha presentación de cinco ou dez minutos, contando curiosidades e anécdotas da película, e logo a gozar

## **“HAI QUE RECUPERAR O PRACER DE VER AS PELÍCULAS EN PANTALLA GRANDE”**

sobre unha pantalla de 16x9 metros, máis grande que as dos cines comerciais, cun son espectacular... E a sensación de ver unha película é outra. Ás veces nos apetecería facer un coloquio, pero a xente ten cousas que facer.

**Aí, Que proxectos tedes?**

**AP.** Logo destes dous ciclos, para o próximo ano faremos tres. Un en febreiro e dous despois do verán. Nun futuro nos encantaría poder facer mesas redondas con profesionais do cine que contasen como é o seu traballo, non só actores ou directores senón tamén técnicos

**Aí. Como está o cineclubismo en Galicia?**

**AP.** Pois moi ben, hai 22 clubs e funcionan estupendamente. De feito nós somos dos que menos proxectamos pero hai compañeiros que funcionan moitos venres ao ano e poden botar medio cento de longametraxes.



5  
OUT

**Enredadas**

Martirio, Uxia, Uga Pedreira e Carmen Paris  
Jofre | 20.30h | Desde 12€  
*Anima Mundi*



9  
OUT

**Diego Ares**

Sociedad Filarmónica Ferrolana  
Jofre | 20.30h | 16€ (socios 5€)  
*Clásica*



10  
OUT

**Neura**

De Ste Xeito Producións  
Jofre | 20.30h | 5€  
*Teatro*



13  
OUT

**Gran Gala Internacional de maxia "Galicia Ilusiona"**

Jofre | 18.00h e 20.30h | Desde 16,60€  
*Familiar*



17  
OUT

**Calequi y las panteras**

Capela do Torrente | 20.30h | 3€  
*Xoves da Capela*



18  
OUT

**El lago de los Cisnes**

Ballet de Kiev  
Auditorio | 20.30h | 36,13€  
*Ferrol en Danza*



20  
OUT

**Cantajuego: Burbujas**


Auditorio | 12.30 e 17.00h |  
Desde 19,80€  
*Familiar*



24  
OUT

**Orquesta Sinfónica de Galicia**

Sociedad Filarmónica Ferrolana  
Auditorio | 20.30h | 16€ (socios 5€)  
*Clásica*



27  
OUT

**Iconos o la exploración del destino**

El Brujo  
Jofre | 19.00h | Desde 12€  
*Teatro*



31  
OUT

**Sherlock Holmes**

Torrente Ballester | 20.30h | De balde  
*Ciclo Literatura e Cine*



Información detallada  
de toda a programación cultural  
<http://www.ferrolcultura.gal>



**05 sábado** 20.00 H

## NOSO

### Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN) 9,5 €



**NOVO ESPECTÁCULO DE OS NÁUFRAGOS TEATRO, CON TEXTO E DIRECCIÓN DE GUSTAVO DEL RÍO.**

A historia de “Nosos” desenvólvese nun vello ultramarinos-bar que, noutrora, foi punto de encontro habitual da veciñanza dunha pequena aldea galega. Un enclave afectado hoxe polo imparabile avance dun parque eólico.

**05 sábado** 20.30 H

## ENREDADAS

### Música

TEATRO JOFRE (FERROL) 5 €



**O JAZZ FLAMENCO DE MARTIRIO, A VOZ ATLÁNTICA DE UXÍA, A FORZA ARAGONESA DE CARMEN PARÍS E A ORIXINALIDADE POÉTICA DE UGIA PEDREIRA REÚNENSE EN “ENREDADAS” PARA CELEBRAR A MADUREZ ARTÍSTICA DAS CATRO.**

Este espectáculo naceu co fin de promover, fomentar e difundir a arte como encontro; estreitar o coñecemento e a experiencia destas cantantes que revisitan a copla, a xota ou os alalás. Catro mulleres que reinventaron e revolucionaron estes xéneros e déronlles unha nova vida desde a experimentación. As catro artistas teñen en común moito máis do que parece; foron quen de ver a necesidade de renovación da canción tradicional e comparten creatividade e o seu compromiso coa música.






# OMBLIGO

**8 de novembro de 2024 | 20:30 horas**

**Café Teatro do Pazo da Cultura (Narón)**

**10** xoves

20.30 H

# NEURA

**Teatro**

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €



**NO DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL, O TEATRO JOFRE OFRECE UNHA “COMEDIA NEURÓTICO-FESTIVA” ESCRITA E DIRIXIDA POR MANUEL POMBAL.**

Neura é unha comedia que aborda o tema da saúde mental. Iso si, con minúsculas. Os protagonistas conviven con teimas propias e alleas. Algunhas delas tentan escondelas mentres exhiben outras orgullosos. Ás veces toléranas, en ocasións búscanlles tratamento, pero sempre sofren por elas. A peza non é unha comedia romántica: Edu e Sonia xa viviron no pasado a súa historia de amor e desamor. Unha historia que terminou precisamente por mor deses pequenos trastornos. Non son amigos, non son amantes. Son esa categoría difusa á que chamamos “ex”. Xente da que sabemos ata o seu grupo sanguíneo, pero coa que nos comportamos coma se fosen perfectos descoñecidos. Os azares da vida fan que se volvan a atopar en distintas circunstancias. Obrigados unha vez máis a poñer a proba a compatibilidade das súas neuras.

**11** venres

20.30 H

# FAROS

**Teatro**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,5 €



**FÉLIX ALBO INTERPRETA UN MONÓLOGO CARGADO DE HUMOR NO QUE EXPLORA O SENTIMIENTO DUN GRUPO DE MENORES PROTEXIDOS REUNIDOS NUN “FOGAR FUNCIONAL”.**

O texto de Albo é un impresionante documento oral sobre a protección de menores nun sentido amplo e, sobre todo, humanista, co que o narrador vai conducindo ao público da gargallada á reflexión. É unha forma case visual de representarnos a indixencia afectiva na que vive un grupo de adolescentes cun futuro incerto.

**12** sábado

19:00 H

# SOLPORES

**Música**

CENTRO CÍVICO DE CANIDO (FERROL)

DE BALDE

**A DERRADEIRA SESIÓN DESTE ANOS DOS “SOLPORES DE CANIDO” PROPÓN CATRO HORAS DE MÚSICA E DIVERSIÓN.**

Balea, O Rabelo, Ghorxa e Lagoon son as catro propostas artísticas que, reunidas por Ferror Records, poñen o ramo por este ano á proposta musical máis á vangarda da comarca.

PROGRAMACIÓN  
**2024**



**OUTUBRO**

V **04** 20:30 HORAS

S **05** 20:00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO  
OS NÁUFRAGOS TEATRO

**NOSO**

V **11** 20:30 HORAS

TEATRO  
FÉLIX ALBO

**FAROS**

S **12** 20:00 HORAS

DANZA CONTEMPORÁNEA  
ARACALADANZA

**VA DE BACH**

D **13** 18:00 HORAS

TEATRO MUSICAL  
GAUDIUM TEATRO

**VAIANA, EL MUSICAL DEL MOMENTO**

S **19** 20:00 HORAS

COMEDIA  
TEATRO CALAVERA

**JÁNSEL E PÓNSEL**

V **25** 20:30 HORAS

MÚSICA  
UGÍA PEDREIDA

**BASAL**

S **26** 20:00 HORAS

COMEDIA  
CDG

**TERCEIRO ACTO**



**PAZO DA CULTURA**  
Concello de Narón



**12** sábado

20.00 H

# VA DE BACH

**Danza**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



**SUBTITULADO "ESPECTÁCULO PARA CINCO BAILARÍNS E UN GORILA", O NOVO ESPECTÁCULO DA COMPAÑÍA ARACALADANZA ESTÁ RECOMENDADO PARA MAIORES DE 5 ANOS. NON PARA NENOS OU NENAS! PARA XENTE MAIOR DE CINCO ANOS.**

Co mesmo equipo artístico de vangarda que compartiu inventiva, creatividade e valores estéticos durante case tres décadas, Aracaladanza dá renda solta a un torrente de imáxenes que buscan provocar sensacións e, ao cabo, emocionar con sorpresa a quen senta no patio de butacas. Bach é máis que beleza creativa. Máis que perfección técnica. Máis que profundidade intelectual. Bach é pureza espiritual e absoluta imaxinación. É emoción intensa. E por todo iso, Revolución.

**13** domingo 18.00/20.30 H

# GALICIA ILUSIONA

**Maxia**

TEATRO JOFRE (FERROL)

20 €



**TERCEIRA EDICIÓN DESTE FESTIVAL MUNDIAL DE ILUSIONISMO EN DOBRE SESIÓN DOMINICAL.**

A gala estará dirixida polo Mago Murphy e contará cos números de Néstor Hato (Francia), Ramó e Alegría (Barcelona), Lore Lavand (Arxentina), Ki Moon Do (Corea) e Jerome Murat (Francia).

## Tu tienda de música en **FERROL**



C/ Magdalena, 31 Bajo  
15402 **FERROL** - A Coruña  
Tels.: **981 074 644 - 698 179 453**  
e-mail: [info@clefmusic.es](mailto:info@clefmusic.es)

[www.clefmusic.es](http://www.clefmusic.es)



**17** xoves **20.30 H**

## CALEQUI Y LAS PANTERAS

### Música

C.C. TORRENTE BALLESTER (FERROL) 3 €



**ESTE TRÍO PROPÓN UN CÓCTEL EXPLOSIVO DE ESTILOS, DO FUNK E O AFROPOP AOS RITMOS LATINOS.**

Javier Calequi, Lauri Revolta e Luisa Corral constrúen un rexistro harmónico que descansa no peso das súas voces. Os seus directos son unha celebración onde conviven a calidade musical e a festa; o baile e a emoción. Eles son os creadores da banda sonora da película "La Jefa".

**18** venres **20.30 H**

## O LAGO DOS CISNES

### Danza

TEATRO JOFRE (FERROL)

36 €



**O BALLET DE KIEV TEN POR OXECTIVO O COIDADADO DAS TRADICIÓN E ESENCIA DO BALLET CLÁSICO MÁIS PURO, O VIRTUOSISMO DOS SEUS SOLISTAS E A VISTOSIDADE E GRANDEZA DOS SEUS DECORADOS E VESTIARIO.**

Chaikovski compúxo por encarga dos Teatros Imperiais de Moscú , entre 1875 e 1876, a música d´O lago dos cisnes. Utilizou parcialmente a partitura da súa ópera Ondina, que posteriormente destruiu. A súa música foi unha innovación. Ata entón as melodías dos ballets eran moi simples e el creou unha partitura chea de sinfonismo, con melodías cheas de lirismo e formas máis poéticas.

# CONTANDO CIENCIA

3 de OOUTUBRO (XOVES) 19:30 h



**Manuel Reyes García Hurtado**

catedrático de Hª Moderna  
"Ferrol. O Arsenal no século XVIII"

CASA DA CULTURA DE FENE  
OOUTUBRO 2024 - ABRIL 2025  
ENTRADA LIBRE ATE COMPLETAR O AFORO

7 de NOVEMBRO (XOVES) 19:30 h



**Gonzalo Álvarez Jurado**

catedrático de Xenética  
"A xenética no Museo do Prado"

16 de XANEIRO (XOVES) 19:30 h



**Verónica Bolón Canedo**

doutora en Informática  
"Avances e desafíos da Intelixencia Artificial"

ORGANIZA:  
BIBLIOTECA DO IES DE FENE



COLABORA:  
CONCELLERÍA DE ENSINO DE FENE

**19** venres

12.30 H

## JANSEL E PONSEL

**Teatro**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,5 €



**A COMPAÑÍA TEATRO CALAVERA LEVA A ESCENA O TEXTO CÓMICO DO NARONÉS JOSE PRIETO SOBRE “AS GRANDES PREGUNTAS DO UNIVERSO”.**

Se xa Siniestro Total se preguntara hai ben anos “quen somos, de onde vimos, onde vamos?”, Jansel e Ponsel (Alejandro Martín e Marian Rei) tentan agora dar resposta a esas e outras preguntas trascendentais.

**24** xoves

20:30 H

## ANNA RAKITINA DIRIXE A SINFÓNICA DE GALICIA

**Música**

AUDITORIO DE FERROL

16 €

**A OSG ESTREA EN ESPAÑA O CONCERTO PARA VIOLONCHELO E ORQUESTRA DE DETLEV GLABERT E COMPLETA O PROGRAMA COA SINFONÍA Nº 5 DE CHAIKOVSKI.**

Anna Rakitina é unha das directoras máis interesantes e solicitadas da súa xeración grazas a unha serie de aparicións moi aclamadas ao longo das dúas últimas tempadas coas orquestras sinfónicas de Chicago e San Francisco, entre outras. O alemán Johanes Moser será o violonchelo solista neste concerto.

**20** domingo

12.30 / 19:00 H

## CANTAJUEGO

**Infantil**

AUDITORIO DE FERROL

27 €

**“BURBULLAS” É O NOVO ESPECTÁCULO DE CANTAJUEGO, UN SHOW CON NOVAS CANCIÓNS CHEAS DE ENERXÍA PARA CANTAR E BAILAR.**

Coco, Pepe, Buby e o novo amigo do trío, o Pajarito, están preparados para un encontro inesquecible no que a risa, o humor e o agarimo serán protagonistas.

**25** venres

20.30 H

## A PEDREIRA

**Música**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

DE BALDE



**UGIA PEDREIRA PRESENTA “BASAL” CUNHA POSTA EN ESCENA DE ALTA POTENCIA E DOSIS DE IMPROVISACIÓN E INTERACCIÓN CO PÚBLICO, PROCESO BÁSICO PARA A ARTISTA.**

Basal, o seu segundo disco en solitario, é unha viaxe continental entre a rave e a foliada, o clube de jazz e a discoteca dos 80, a danza tribal e os rituais espirituais. Cuba, Brasil e Galiza abrázanse neste concerto, onde as artistas combinan o rock, o jazz, a MPB e o clásico, levando todas as cancións da autora a novos lugares.





# 100X100 CERCA DE TI

Implicándonos coa nosa contorna; sendo o maior motor de emprego no sector da alimentación en Galicia e comprometéndonos coa sostibilidade económica, social e medioambiental. Impulsando a cultura, o deporte e a integración social. E dando o mellor de nós para garantir, sempre, un servizo de calidade.

100X100 COMPROMETIDOS CO FUTURO DE GALICIA

**GADIS**



# XXXX mostra de teatro infantil e xjuvenil de narón

C.P.I. O Feal.  
C.E.I.P.A Gándara.  
C.E.I.P.A Solaina.  
C.E.I.P. Ponte de Xuvia.  
C.E.I.P. Piñeiros.  
C.R.A. Narón.  
C.P.R. Ayala.  
C.P.R. Santiago Apóstol.  
C.P.R. Jorge Juan.  
E.I.M. Municipal A Solaina,  
E.I.M. Municipal Piñeiros  
E.I.M. Municipal A Gándara.  
I.E.S. Telleiras.  
I.E.S. Terra de Trasancos.  
Colexio Plurilingüe Virxe do Mar.



outubro  
novembro  
decembro  
2024



Talia Teatro

Desexo

29 e 30  
de outubro  
Pazo da Cultura



Contraproducións

O Mundo está mal,  
pero pódese andar

12 e 13  
de novembro  
Pazo da Cultura



Ghazafellos  
e Magín Blanco

A nena e o grilo  
camino das cores

18, 19 e 20  
de novembro  
Auditorio Municipal



Teatre de L'Abast

Rob

26, 27 e 28  
de novembro  
Pazo da Cultura



Teloncillo Teatro

La Selva

2, 3 e 4  
de decembro  
Escolas Infantís  
Municipais



NARÓN

Padroado da Cultura



Concello de Narón



Deputación  
DA CORUÑA



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

**26** sábado 20.00 H

## TERCEIRO ACTO

**Teatro**

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,5 €



**O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO DEFENDE IDEA DO TEATRO COMO UN ESPAZO QUE SERVE PARA TENDER PONTES.**

Cinco actrices e actores reflexionan sobre “o terceiro acto dunha vida”, sobre o proceso de irse facendo maior e falan dos anhelos, das perdas e dos soños que lles quedan por cumprir.

**27** domingo

19.00 H

## EL BRUJO

**Teatro**

TEATRO JOFRE (FERROL)

15 €



**“ICONOS O LA EXPLORACIÓN DEL DESTINO” É UN MONÓLOGO DE HUMOR SOBRE O DESTINO NA TRAXEDIA GREGA. POLO NOVO ESPECTÁCULO DE RAFEL ÁLVAREZ *EL BRUJO* DESFILAN POR ESTE AS GRANDES FIGURAS DE MEDEA, EDIPO E ANTIGONA.**

A exploración do destino vén da man dunha exposición comparada desta forza determinante (o destino) na vida dos heroes tráxicos e así mesmo nos relatos da mitoloxía hindú, onde o concepto de karma inclúe no dinamismo do destino, o concepto de liberdade. Todos estes ingredientes van intercalados con experiencias autobiográficas do propio autor e actor a modo de parodias de humor.



embora  
productions



Padreado da Cultura  
Canelo de Narón

# JOANA SERRAT

**15 de novembro de 2024 | 20:30 horas**  
Café Teatro do Pazo da Cultura (Narón)

ESTREA DESTACADA: 18 DE OUTUBRO

# A HABITACIÓN DO LADO

## THE ROOM NEXT DOOR

**Pedro Almodóvar**

### NOTAS DO DIRECTOR

**A habitación do lado é unha mirada de fronte á morte e á eutanasia. Cal e a túa relación coa morte?**

A miña relación é un pouco mellor que cando comecei a facer o filme. Xa non fago filmes terapéuticos para curarme, fágoo empurrado por outra necesidade, pola necesidade de contar unha historia. Porén, neste caso, é certo que a mortalidade é un tema que me preocupa desde hai tempo e no que penso diariamente, e que, como a personaxe de Julianne Moore, non cheguei a aceptar. Non chego a aceptar que algo que está vivo de súpeto desapareza. Iso si, creo que o espírito das persoas non se vai da noite á

mañá, e iso é moi consolador para os que nos quedamos aquí. No entanto, sigo tendo medo á morte, e entroume, sobre todo nos últimos dous ou tres anos, unha presión enorme. Quédame cada vez menos tempo e é como se quixese prolongalo, multiplicalo. Para min foi un alivio rodar a parte de *A habitación do lado* que transcorre na casa do bosque porque claramente éramos catro: Tilda, Julianne, a morte e eu. E ademais era unha cousa moi palpable aínda que non fora física. E creo que me familiaricei bastante coa idea. Pero xusto hai dúas semanas tiven que sacrificar ao meu gato, que levaba catorce anos comigo. Cando me despedín del a noite anterior a sedalo non entendía como ese ser que me miraba cos ollos tan grandes,

sen pestanexar, ao día seguinte non existiría. Sufrín moito.

**O tema da morte, pedía esta posta en escena d'A habitación do lado, tan sobria, tan contida?**

É, desde logo, un dos meus filmes máis contidos. E é deliberado. Porque a mortalidade préstase moito ao melodrama e ao sentimentaloido. E eu quería fuxir totalmente do melodramático porque quería que fose un filme que fale disto, pero desde un sitio moi vital, que é, á fin e ao cabo, o personaxe de Tilda Swinton. A morte é o produto da decisión de alguén que está vivo. Quería que o personaxe de Tilda impregnase o filme desa luz, dese humor, dese optimismo que ten ela.

**Por Andrea G. Bermejo para Cinemanía (extracto)**



# Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA, OS DOMINGOS ÁS 12:00.  
CICLO GRATUITO EN COLABORACIÓN COA CONCELLERÍA DE CULTURA DE FERROL

## DOM 6 E DOM 20 SIROCCO E O REINO DOS VENTOS

Susanne Seidel

2023 | FRANCIA | 80' | ESPAÑOL | +6



Juliette e Carmen descubren unha pasaxe secreta cara ao mundo do seu libro favorito, O Reino dos Ventos. Transformadas en gatas, terán que facer gala de coraxe e audacia para volver ao mundo real.

**Anecy 2023 (Premio do público)**

“Fermosa historia iniciática sobre o poder da imaxinación” La Croix

## DOM 13 OKGRACIASEADEUS

Nicole van Kilsdonk

2023 | PAÍSES BAIXOS | 92' | ESPAÑOL | +8



Jamie e unha adolescente tímida de 12 anos que se traslada a un internado para persoas xordas. Un imprevisto lévaa a emprender unha viaxe a París coa súa compañeira de clase Imane. Unha aventura inesquecible chea de obstáculos e encontros especiais.

## DOM 27 KATAK, A PEQUENA BALEA

Christine Dallaire -  
Dupont, Nicola Lemay

2023 | FRANCIA | 82' | ESPAÑOL | TP



A balea beluga Katak aínda é pequena e gris. Para demostrar que medrou, emprende unha perigosa viaxe ao Gran Norte. Non fai falta ser grande para ser valente.

**Xixón 2023 (Premio Enfants Terribles)**

“Dirixida aos máis pequenos, unha aventura temperada e tranquila” The Guardian

# Off DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO. PASES ÚNICOS

## MAR 8 ÁS 20:00 A HORA DA ESTRELA

Suzana Amaral

1985 | BRASIL | 96' | PORTUGUÉS | +12



Macabéa é unha moza analfabeta, inxenua e virxe, que deixa o nordeste do Brasil para probar sorte en São Paulo. Alí afronta as súas primeiras

experiencias profesionais, o primeiro amor e as predicións dunha vidente, unha colisión de mundos que sela o seu destino. Baseada na novela de Clarice Lispector e restaurada en 4k.

## MAR 22 ÁS 20:00 UN VOLCÁN HABITADO

David Pantaleón, Jose Víctor Fuentes

2023 | ESPAÑA | 66' | ESPAÑOL | TP

En setembro do ano 2021, a terra tremeu na illa de La Palma. Despois de cincuenta anos, un novo volcán emerxía e as novas xeracións vivíamos en primeira persoa o que



só coñecemos de boca dos maiores. Un relato colectivo sobre a amizade e a afouteza dos moradores dunha terra, que cada certo tempo convive co poder hipnótico e devastador da natureza.

“Belo e estremecedor. Consegue amosar a traxedia desde o punto de vista do día a día” Cineuropa

**04 OUTUBRO**  
**LOS DESTELLOS**  
**Pilar Palomero**

2024 | ESPAÑA | 101' | ESPAÑOL | +7



A vida de Isabel dá un inesperado xiro o día en que a súa filla Madalen lle pide que visite regularmente ao seu exmarido Ramón, que se atopa enfermo. En Isabel comezan a reavivarse resentimentos que cría superados. Porén, ao acompañar a Ramón no seu momento máis vulnerable, Isabel conseguirá ver con outros ollos o fracaso que viviron para se centrar no presente da súa propia vida.

**San Sebastián 2024 (Sección Oficial)**

“Recoméndoa coa man no corazón. Un filme sobre a morte pero do que saíras querendo abrazar a vida.”  
Cinemanía

**CROSSING**  
**Levan Akin**

2024 | SUECIA | 106' | SUECO | +12



Lia, unha profesora xubilada, prometeu atopar á súa sobriña Tekla, perdida hai moito tempo. A súa procura lévaa a Istanbul, onde coñece a Evrim, unha avogada que loita polos dereitos das persoas transexuais, e Tekla empeza a sentirse máis preto que nunca.

**Berlín 2024 (sección Panorama - Premio do Público)**

“Un filme intelixente que conta con tres grandes interpretacións principais” *The Guardian*

**11 OUTUBRO**  
**A SUSTANCIA**  
**Coralie Fargeat**

2024 | EUA | 140' | INGLÉS | +18



Algunha vez soñaches cunha mellor versión de ti mesma? Ti. Só que mellor en todos os sentidos. Tes que probar este novo produto. Chámase *A Sustancia*. Xera outra ti. Unha nova ti, máis nova, máis bela, máis perfecta. E só hai unha regra: compartes o tempo. Unha semana para ti. Unha semana para a nova ti. Sete días cada unha. Un equilibrio perfecto. Fácil. Verdade? Se respectas o equilibrio... Que podería saír mal?

**Cannes 2024 (Mellor Guión)**

“Ule a fenómeno de culto”  
Fotogramas

**JOKER: FOLIE À DEUS**  
**Todd Phillips**

2024 | EUA | 138' | INGLÉS | +16



Tras crear o caos, Arthur Fleck foi internado en Arkham á espera de xuízo polos seus crimes como Joker. Mentres lida coa súa dobre identidade, Arthur non só encontra o amor verdadeiro, senón que tamén descobre a música que sempre estivo dentro del. Secuela de *Joker* (Todd Phillips, 2019).

**Venecia 2024 (Sección Oficial)**

“Deslumbrante musical (...) tocado por unha humanidade profunda”  
Fotogramas

**18 OUTUBRO**  
**A HABITACIÓN DO LADO**  
**Pedro Almodóvar**

2024 | ESPAÑA | 110' | INGLÉS | +12



Ingrid e Martha foron moi amigas na súa mocidade. Despois de moitos anos sen ter contacto, volven atoparse nunha situación extrema, pero estrañamente doce.

**Venecia 2024 (León de Ouro - Mellor Filme)**

“O director segue agasallando intres de grande cinema” *Kinotico*

**COSTA + GODARD**  
**As fillas do fogo**  
**Pedro Costa**

2023 | PORTUGAL | 8' | PORTUGUÉS

A irrupción do fogo separa a tres mozas irmás. Pero elas cantan. Un día saberemos por que vivimos e por que sufrimos...



**TRÁILER DA PELÍCULA**  
**QUE NON EXISTIRÁ**  
**XAMAIS: “GUERRAS DE BROMA”**

**Jean-Luc Godard**

2023 | FRANCIA | 20' | FRANCÉS

Unha homenaxe ao máximo representante da *Nouvelle Vague* a través das ideas, referencias e imaxes que tiña considerado para o que sería o seu seguinte filme: *Guerras de broma*. Godard revisita as localizacións de rodaxes pasadas, ao tempo que mantén un relato dos tempos modernos.

**24 OUTUBRO**

**LA JOIA: BAD GYAL**

**David Camarero**

2024 | ESPAÑA | 92' | ESPAÑOL



As interioridades do vertixinoso ascenso de Bad Gyal como icona xeracional. A cámara segue –de Barcelona a Miami, vía Santo Domingo, Las Vegas, Milán e París– os pasos da cantante de Vilassar de Mar no seu camiño á conquista do mainstream. Entre os primeiros beats e a época dos concertos de presentación, asistimos a rodaxes, fashion weeks, entrevistas, squats, ledicias, enfados, a presión das redes e o marketing en acción. Luces e sombras da viaxe emocional dunha diva descarada e consciente das trampas do negocio, loitando por manter o rumbo e pulirse como un diamante.

**In-Edit 2024 (Sección Oficial)**

**Tempada de Ópera e Ballet**

**PASE ÚNICO**

**MAR 15 ÁS 20:15 (EN DIRECTO)**

**ALICIA NO PAÍS DAS MARABILLAS**

**Koen Kessels**

2024 | Reino Unido | 205' (con descanso) | Música: Joby Talbot

**DESDE A ROYAL OPERA HOUSE DE LONDRES**

**Entradas: 15 €**



Adéntrese no tobo do coello con este ballet baseado no famoso relato de Lewis Carroll para toda a familia. Recorra o País das marabillas con Alicia e coñeza ao grupo de curiosos personaxes nesta extraordinaria adaptación teatral de Christopher Wheeldon.

**DUPLEX Cinema**

**Máis información en [duplexcinema.com](http://duplexcinema.com)**

Travesía Moreno 3, Ferrol  
[info@duplexcinema.com](mailto:info@duplexcinema.com) | 981 35 60 65

**De LUNS a DOMINGO**

**De 17:00 a 22:00 | Sesións matinais sábados e domingos**

Proxeccións serán en versión orixinal subtitulada, agás que se sinale o contrario.

Co financiamento de:

Facemos parte de:







## ENSAIO HISTÓRICO

# OS INMIGRANTES IMAXINADOS.

## A IDENTIDADE GALEGA NA ARGENTINA (1780-1960)

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS | GALAXIA | 432 PÁX. | **28 €**

**DESDE HAI ANOS AGÁRDASE QUE NA LITERATURA GALEGA AGROME UNHA GRAN NOVELA QUE NARRE A EPOPEA DO PAÍS NA SÚA EMIGRACIÓN TRANSATLÁNTICA. A FALTA DE QUE ISTO CHEGUE, SE ALGÚN DÍA O FAI, O QUE SI XA TEMOS É UN PODEROSO ENSAIO QUE PON UN ESPELLO Á HISTORIA DA EMIGRACIÓN GALEGA A ARGENTINA.**

Trátase deste volume do prestixioso historiador Xosé M. Núñez Seixas, “Os inmigrantes imaxinados. A identidade galega na Arxentina (1780-1960)”, un traballo que é continuidade e ampliación doutro publicado en 2002. O presente ensaio céntrase tanto no asunto da identidade galega no país sudamericano, o que máis inmigración nosa acolleu, e fai especial fincapé na visión que no país austral e, sobre todo na súa capital Bos Aires, se tiña da figura do galego, quer a simplificación do español como “gallego”, quer a caracterización dos paisanos de noso que alá marcharon. Así, Núñez Seixas atravesa a visión de galego traballador e cerrado, dono de pulperías (almacéns con alimentación e bebida) que inzaron a Arxentina. Destaca os conflitos identitarios nos que agroma certo desprezo, imaxe que para Núñez importouse ao país sudamericano da visión que de Galicia se tiña en Madrid. Unha obra que amosa con citas e datos a importancia da cultura como panca de orgullo da colectividade galega alá e aquí.

## ENSAIO HISTÓRICO

# ABRIL É UN PAÍS

TEREIXA CONSTELA | KALANDRAKA | 360 PÁX. | **19 €**

A medio século vista pouco se descoñece da Revolución dos Caraveis, ou si. A xornalista galega Tereixa Constenla afonda na máis fermosa revolución que viu Occidente e que entre abril e novembro de 1974 alumou desde Portugal a esperanza doutro mundo posible. Constenla narra a historia a través de anécdotas e numerosas entrevistas, salientando o papel dun pobo farto dunha ditadura noxenta e co protagonismo no cambio dos mandos intermedios do exército, os capitáns de abril entre os que sobresaen figuras como a do inesquecible Fernando Salgueiro Maia.

## NOVELA

# DETECTIVE FERRUCHI

MARTA VILLAR | XERAIS | 480 PÁX. | **20,95 €**


Chega este mes ás librarías o último Premio Xerais de novela, unha excelente narración policíaca da xornalista Marta Villar. Como adoita Villar, o xénero literario é unha escusa para falar doutros temas de interese social. Aquí temos unha historia que parte dunha traballadora de Inditex, Sol, que deixa o seu traballo para regresar a súa vila e montar unha librería. Un asasinato no seu pobo lévaa a mergullarse en labores detectivescas. Mesturando humor con gravidade, no relato asoma o lado escuro das que co seu esforzo impulsaron un imperio téxtil.

DELICIAS SONORAS



**BALDO MARTÍNEZ  
SEXTETO MÚSICA  
IMAGINARIA**

O contra baixista ferrolán Baldo Martínez vén de presentar un novo traballo que xorde nada menos que do festival de jazz de Vitoria, este “Música imaginaria”. Martínez comparte instrumentación no seu regreso á gravación logo de varios anos de silencio coa súa banda formada por Julián Sanchez (trompeta e fiscorno), Juan Saiz (saxos e frauta), João Barradas (acordeón), Andrés Coll (vibráfono e marimba) así como a tamén galega Lucía Martínez (batería e percusión). Este disco, xurdido dun proxecto producido polo citado Festival de Jazz de Vitoria 2023 como encarga a Baldo Martínez, desembocou neste disco que se presentou na edición deste ano do festival. As composicións que propón o contra baixista ao longo de sete cortes son unha mestura de jazz contemporáneo, folclore galego, improvisación libre e música europea contemporánea. Aínda que non sexa un tipo de música para todos os públicos, para os que gocen do jazz europeo e da experimentación “Música imaginaria” é un traballo que colma ese eido da música para minorías, sempre tan necesaria e liberadora.



**MARCOS VALLE TÚNEL  
ACÚSTICO**

Marcos Valle é incuestionable como un dos máis grandes creadores da Música Popular Brasileira (MPB) e aínda lembramos con admiración aquela actuación hai nun par de décadas no teatro Jofre. Entre o lanzamento do seu primeiro disco en 1962 e hoxe, Valle publicou 22 obras de estudio que atravesan a bossa nova definitiva, a samba clásica, o jazz, disco pop, o rock psicodélico, o baile dos noventa e a música orquestral. Algúns dos grandes de todos os tempos, como Frank Sinatra, Sarah Vaughn, Sergio Mendes ou Elis Regina entre outros gravaron temas seus. Aos seus 81 anos, Valle vén de publicar este novo traballo, “Túnel acústico”, onde amosa un pulso poderoso e recupera temas do seu exilio norteamericano nos anos 70 (Caetano e Gilberto non foron os únicos en fuxir da ditadura). Funk, jazz, samba sempre desde o lado luminoso e máis accesible como “Life is what it is”, espléndidas homenaxes aos mestres como “Thank you Burt (For Bacharach)” e marabillas marca da casa como “Não Sei” ou “Assim não dá”. Un disco que admira polo talento e capacidade de reinvenção deste músico admirable.



**ELEPHANT STONE: BACK  
INTO THE DREAM**

Elephant Stone é un cuarteto canadense, de Montreal, liderado polo músico de orixe hindú Rishi Dhir. A formación é practicante dun pop con influencias da psicodelia dos anos 60, melotróns, sitares e táboas incluídas, con toques de “shoegaze” e melodías moi traballadas. A influencia de Beatles ou Kinks máis líricos paira polos seus discos do que nos chega o seu sexto traballo, este “Back into de dream”. Dez pezas que oscilan entre a experimentación e a tradición mantendo unha coherencia ao longo destes quince anos de traxectoria. Do primeiro, temas como “Bae” ou “The Imaginary, nameless everybody in the world” optan polo collage sonoro, do segundo, fermosos cortes como “Lost in a dream”, “On our own” ou “Another year gone”. Unha delicia a saborear. Por se fora pouco vén de aparecer unha estupenda reedición do primeiro disco da banda de Montreal, “The seven seas” (2009), nada menos que 19 pezas con maquetas e o seu primeiro EP “The glass box”. Unha oportunidade de completar a discografía dun deses grupos que a un lle gustaría que florecesen como cogomelos en outono.

## Ilustración

# O OLIMPO DA CARICATURA

ATA O 30/10/24

MUSEO DO HUMOR (FENE)



DE LUNS A VENRES: DE 10.00 A 13.00 HORAS E DE 16.00 A 21.00 HORAS  
SÁBADOS: DE 10.00 A 13.00 H. DOMINGOS PECHADO

Quince humoristas gráficos de recoñecido prestixio internacional participan na exposición “O Olimpo da caricatura”. A mostra recolle unha selección de obras dos que, a xuízo do humorista gráfico e fundador do museo fenés Xaquín Marín, son “os mellores caricaturistas a nivel mundial” e ten como obxectivo “ensinar no meu país e en todo o mundo que o debuxo de humor pode ser unha arte tan sublime como outras que sempre foron mellor valoradas”. Agim Sulaj (Albania, 1960), Alessandro Gatto (Italia, 1957), Ángel Boligán (Cuba, 1965), António Moreira Antunes, “António” (Portugal, 1953), Cau Gómez (Brasil, 1972), Dalcio Machado (Brasil, 1972), David Vela (España, 1967), Izabela Kowalska-Wieczorek (Polonia, 1955), Luc Descheemaeker, “O-Sekoer” (Bélxica, 1955), Mahboube Pakdel (Irán), Marilena Nardi (Italia, 1966), Michael Kountouris (Grecia, 1960), Mikhail M. Zlatkovsky (Rusia, 1944), Pawel Kuczynski (Polonia, 1976) e Siro López (España, 1943) son os humoristas gráficos seleccionados por Marín. De cada un deles, amosaranse na exposición tres obras, escollidas por eles mesmos, que mellor definen a súa arte ou que consideran as máis representativas da súa traxectoria artística.

## Pintura, escultura e fotografía

# MANUEL PATINHA: RETROSPECTIVA

ATA O 30/12/24

C.C. TORRENTE BALLESTER (FERROL)

DE MARTES A SÁBADO: DE 11.00 A 14.00 HORAS E DE 17.00 A 21.00 HORAS  
DOMINGOS: DE 11.00 A 14.00 H. LUNS PECHADO.

O coñecemento da figura de Manuel Patinha vendado, sen dúbida pola súa faceta escultórica. Sen embargo, é imposible desligar esta do resto da súa produción artística; pintura, debuxo, gravado e poesía forman parte da súa produción e da súa vida dende os seus inicios como artista ata a actualidade. A revisión da súa obra proporciónanos unha serie de claves que nos permiten abordar con outra visión, entender o porqué dos seus traballos tridimensionais. Este é o obxectivo da exposición: lembrar nalgúns casos, dar a coñecer noutros, a súa obra pictórica, a gráfica e a menos coñecida de todas, a fotográfica, a través de cinco das salas do centro.





SALA CURUXEIRAS

# PUERTO Y CIUDAD

1 - 2 - 7 - 9 - 14 OCTUBRE

📍 SALA CURUXEIRAS

🕒 12.00 A 13.00 H

CHARLA EDUCATIVA “O CHALLENGE DA TÚA VIDA” - PROGRAMA “MAR DE SAÚDE”  
PATROCINADA POR LA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER (AECC)

22 - 28 OCTUBRE

📍 SALA CURUXEIRAS

🕒 10.30 A 13.30 H - 17.00 A 19.00 H

EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍA INCLUSIVA - ASOCIACIÓN ASCM



Autoridad Portuaria de  
Ferrol-San Cibrao

# OUTUBRO

## 03xoves

### CONTANDO CIENCIA

19.30 h Casa da Cultura. Fene.

**MANUEL REYES GARCÍA HURTADO: FERROL, O ARSENAL NO SÉCULO XVIII**

### LER CONTA MOITO

18.00 h Biblioteca Xosé María Pérez Parallé. Fene

**O CARACOL NAMORADO**

## 04venres

### CINE

20.30 h Fundación Artábria. Ferrol.

**SEGUIMOS EN PÉ!**

### TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

**NOSO**



## 05sábado

### INFANTIL

11.00 h Biblioteca Municipal. Narón.

**CAXOTO: A TRASTENDA DOS CUENTOS**



### INFANTIL

12.00 h Centro Cívico de Canido. Ferrol

**DÍA DA CRIANZA GALEGO FALANTE**

### TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

**NOSO**

### MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**ENREDADAS: MARTIRIO, UXÍA, UGÍA PEDREIRA E CARMEN PARÍS**



## 06domingo

### TEATRO

19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

**TEATRINO: ENCAIXADAS**

### MÚSICA

19.00 h Fundación Artábria. Ferrol.

**NANAN**



## 09xoves

### MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**DIEGO ARES**

## 10xoves

### LER CONTA MOITO

18.00 h Biblioteca Xosé María Pérez Parallé. Fene

**O CONTAMAXIAS**



### TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**NEURA**



## 11venres

### TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

**FAROS**



### MÚSICA

22.00 h Fundación Artábria. Ferrol.

**NIMBOS**

## 12sábado

### DANZA

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

**VA DE BACH**




## 13domingo

### MAXIA

18.00 h Auditorio. Ferrol.

**GALA INTERNACIONAL GALICIA ILUSIONA**



### MUSICAL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

**VAIANA**

## 17xoves

### LER CONTA MOITO

18.00 h Biblioteca Xosé María Pérez Parallé. Fene

### ZAPATIÑOS DE CARTÓN E A CARTA DOS BOSQUES

### MÚSICA

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

### CALEQUI Y LAS PANTERAS



## 18venres

### DANZA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

### O LAGO DOS CISNES



### CONFERENCIA

20.30 h Fundação Artábria. Ferrol.

### MANUEL MONJE: OS RESTOS DO FRANQUISMO EM FERROL

## 19sábado

### TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

### HÁNSEL E PÓNSEL



## 20domingo

### INFANTIL

12.30 h Auditorio. Ferrol.

### CANTA XOGO



## 24xoves

### MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

### ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

## 25venres

### MÚSICA

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

### BASAL



### MÚSICA

21.30 h Fundação Artábria. Ferrol.

### KÁTYA TEIXEIRA



## 26sábado

### TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

### TERCEIRO ACTO

## 27domingo

### LIBROS: PRESENTACIÓN

13.00 h Fundação Artábria. Ferrol.

### CANTOS DE DOR E LIBERDADE. VOCES GALEGAS POR PALESTINA

### TEATRO

19.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

### EL BRUJO: ICONOS O LA EXPLORACIÓN DEL DESTINO



## 31xoves

### LITERATURA E CINE

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

### SHERLOCK HOLMES



Nº 196  
ANO XVII

### EDITA:

**ee** | edicións embora  
www.edicionsembora.es  
Rúa Galiano, 63 - 1º. 15402 FERROL.  
T 981 35 53 53  
info@edicionsembora.es

@Aí

### DIRECTOR:

Miguel Toval

### DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

### REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

### DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.





A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

# Provincia da Coruña

*... seguramente, a mellor opción*